

cultura

Antonio Reigosa, coordinador do libro *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías*

“Este libro é unha pequena escolma que recolle o espírito da web Galicia Encantada”

Buscando unha representación xeográfica do país e unha variedade temática, recolle tamén relatos de Guitiriz, Ríoaveso e da Lagoa de Caque

O proxecto “Galicia Encantada”, definida coma a Enciclopedia da Fantasía Popular de Galicia – www.galiciaencantada.com –, cumpre 10 anos baixo a coordinación do escritor e investigador Antonio Reigosa tamén investigador e divulgador da mitoloxía popular, da literatura de tradición oral e da cultura oral; ademais de cofundador do Grupo de Investigación Etnográfica Chaira e coordinador dos proxectos “Polafias” e “Mestres da memoria” creados pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para documentar e divulgar os valores da oralidade e da cultura popular.

Deste xeito, mitos, fábulas, relatos lendarios, ritos, contos da literatura oral ou incluso espazos encantados que se poden visitar a través de rutas; son algúns dos contidos desta web que afonda na tradicional e fantasía galegas onde tamén se recollen os artigos, da mesma temática, da Revista electrónica de investigación Galicia Encantada.

Como xurdiu “Galicia Encantada” e con que obxectivos?
A idea inicial xurdiu da necesidade de atopar novos formatos

para conservar e, ao tempo, divulgar este patrimonio. Internet é unha ferramenta magnífica pois, ademais de ofrecer a posibilidade de arquivar e divulgar mediante calquera formato (texto, vídeo, audio ...), permite interactuar coas persoas interesadas.

Despois destes 10 anos cres que están cumpridos os obxectivos? E cales son os obxectivos para os vindeiros anos?

Aquela idea inicial de achegar e compartir relatos do amplo campo da literatura de tradición oral é un obxectivo cumprido. Hai que ir incrementando os fondos e, na medida do posible, procurar que os coñeza o máximo de interesados. No futuro inmediato o obxectivo é conseguir que se acheguen á web pro-

“Queremos que profesores e alumnado dos centros de ensino se acheguen á web de forma áxil e directa”

fesores e alumnado dos centros de ensino dunha maneira áxil e directa; por iso creamos a sección “Aulas do imaxinario” para poñer ao seu servizo unha ferramenta que faga

máis doado participar do proxecto.

Ademais de novas seccións

interactivas coma “Aulas do Imaxinario” ou o “Mapa de Galicia Encantada”, a web sufriu unha mellora estética neste décimo aniversario grazas aos debuxos de Noemí López. Pero, tamén vén de saír

contidos virtuais.

Como foron seleccionados os relatos que recolle este libro?

Tratamos de que quedase reflectida unha representación xeográfica do país, a variedade temática

tores poden atopar relatos de Guitiriz, de Ríoaveso (Vilalba) e da Lagoa de Caque, lendas urbanas e varias achegas para completar relatos relacionados con creencias arredor da fauna, da flora ou dos xogos populares.



Antonio Reigosa (no centro) xunto aos coautores do libro durante a súa presentación.

O propio libro conta tamén con ilustración de Noemí López. Que lle aportan aos contos, lendas, xogos e outros relatos recollidos?

Noemí López é quen lle pon imaxe á web e tamén ao libro. Unha ilustración é unha lectura diferente dun texto. O ilustrador ispeo de palabras e ofrécenolo nun código estético que se ademais, como é o caso, ten calidade, enriquece o conxunto da obra.

Finalmente, que nos podes adiantar doutros proxectos nos que esteas a traballar

en relación á mitoloxía popular e a tradición oral?

O máis importante é seguir achegando documentos á web Galicia Encantada. E logo procurar tamén que vaian aparecendo traballos de investigación e de interpretación do noso patrimonio cultural oral. Non chega con rescatar, sendo imprescindible; senón que é obrigado axudar a comprender as claves simbólicas que agocha.

do prelo *Galicia Encantada. O país das mil e unha fantasías*, un libro editado por Xerais co que se celebra o décimo aniversario. Que podemos atopar neste libro no que colaboran 52 coautores e coautoras?

O libro é a versión en papel dunha pequena parte dos contidos da web, unha escolma que representa o espírito da web. Un formato máis clásico que aínda hai moita xente que o prefire aos

dos contidos e o recoñecemento aos transmisores, poñendo o nome de todos eles nun amplo capítulo de agradecementos.

Poderemos atopar lendas ou relatos relacionados coa nosa comarca?

Tendo en conta que tratamos de que quedase representado todo o país, non son moitos os relatos chairegos; pero tampouco é manca a representación. Os lec-

Armando Requeixo recupera o poemario do abadinense Daniel Pernas publicado en galego durante a Guerra Civil

Armando Requeixo recolle en *Fala das Musas e outros poemas* os versos do primeiro poemario publicado en galego durante a Guerra Civil da man do escritor e seminarista natural da parroquia de Quende, do municipio de Abadín, Daniel Pernas Nieto e outros versos de composicións que permanecían espalladas na prensa.

Publicado en decembro de 1936, *Fala das Musas* é agora recuperado polo investigador e crítico mindoniense que aportou no estudo introdutorio unha biografía do autor do que se coñecían poucos datos ademais de trazar unha



panorámica dos principais elementos característicos da súa poesía seguidora da estética neovirxilianista liderada por Noriega Varela. Esta edición de *Fala das Musas e outros poemas* reproduce tamén o prólogo que no seu día escribira

Álvaro Cunqueiro para o libro e engade como apéndice diversos comentarios que se fixeran á obra cando esta fora publicada por vez primeira.

Fala das Musas e outros poemas insírese na colección Láncara, que dirixe Luís Alonso Girgado e publica o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia.

O Pazo de Feiras e Congressos de Lugo acollerá a segunda edición do Festival A Candeloria entre o 27 e o 28 de febreiro

Logo do éxito acadado o ano pasado, “no que enchemos o Clavicémbalo”, a organización do festival decidiu apostar por medrar e trasladarse ao Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. Deste xeito, entre o venres 27 e o sábado 28 de febreiro pasarán un total de dez grupos por “un espazo de máis de 8.000 metros cadrados que usaremos para ofrecer concertos, zona de acampada e outro tipo de actividades que, de seguro, sorprenderán a todos os asistentes”, segundo afirmaba Manu Moure, un dos membros da organización do festival que participou na súa presentación no Museo Provincial xunto ao delegado de Cultura e Turismo. De feito, a Área de Cultura e Turismo da Deputación colabora con este evento con 7.000 euros destinados a financiar distintos gastos do mesmo.

O que non cambiou é a aposta por grupos de distintos estilos como o

punk, ska, rock, rap, bravú, hip hop e folk, sendo maioría as bandas do país, aínda que nesta edición estarán presentes na cidade amurallada bandas cunha traxectoria de máis de dúas décadas no panorama do rock peninsular como Boikot ou Habeas Corpus. Boikot tocarán o venres e Habeas Corpus farano o sábado. Xunto aos primeiros desfilarán polo escenario do Pazo de Feiras e Congressos o venres Xenderal aka Gendebeat, Terbutalina, Nao e os chantadinos de Liviao de Marrao. Mentres, o sábado será o turno para Sokram; os Ruxe-Ruxe, con máis de 18 anos de carreira ás súas costas; os lugueses Arrhythmia e os valencianos de Los Chikos del Maíz.

Actividades paralelas

Aproveitando as amplas instalacións nas que se desenvolverá esta segunda edición da Candeloria, a organización, en paralelo

aos concertos, porá en marcha o primeiro Concurso de Cantos de Taberna, unha churrascada popular e o primeiro Certame de Curtas e Videoclips.

Entradas

O bono para asistir aos concertos dos dous días ascende a 16 euros e as entradas pódense mercar a través de Ticketea ou de xeito físico nos seguintes puntos: Don Disco (Lugo), Discos Portobello (A Coruña), Peggy Records (Ourense), A Reixa Tenda (Santiago de Compostela), Miranda Cultura para levar (Santiago de Compostela) e Tendas Tipo (Vigo). Así mesmo, a organización, a través da empresa Viajexpres.com, ofrece buses que partirán o venres pola tarde desde distintos puntos de Galiza, León e Asturias. Concretamente, ofértanse viaxes desde A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo, León, Ponferrada e Oviedo.